

GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO (ACORDEÓN) I-VI**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO (ACORDEÓN) I-VI											
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía, Histórica		
CARÁCTER								TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.	
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3			Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Sen requisitos previos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio deste curso.	E1, X1, X9, T1, X3, X13, EM4
2. Coñecer e adecuar as súas interpretacións ás convencións estilísticas de cada estilo.	E1, E4, X11, E5
3. Valorar a importancia da constancia no estudo como medio indispensable para desenvolver as destrezas propias dun intérprete.	X8, X24, T1, T3, X6
4. Acadar un nivel de autoescucha e autocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete.	E5, T6, T15, X21

4. CONTIDOS	
1.	Colocación do instrumento. Control muscular. Adquisición de hábitos de estudo correctos.
2.	Técnica instrumental.
3.	Obras da literatura orixinal para acordeón do século XX-XXI. Obras de música tradicional adaptadas para acordeón.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introductorias	Presencial	Comezo do curso
Exposición maxistral	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Práctica individual Práctica colectiva Lectura guiada e comentario de fontes na clase	Non presencial Non presencial Presencial	Permanente Permanente Esporádica
Taller	Presencial	Esporádica
Laboratorio	Presencial	Esporádica
Pescuda de información Seminarios Exposición e debate de traballos Actividades complementarias	Presencial/Non presencial Presencial Presencial/Non presencial	Permanente Esporádica Ao final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*